



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa	Código	613G02027	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web	https://www.udc.gal/gl/filo/grao_galego/index.html			
Descrición xeral	Estudo dos aspectos xeográficos, históricos, culturais, lingüísticos e identitarios das comunidades de lingua portuguesa			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Os contidos fixados mantéñense sen alteracións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías inicialmente previstas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As sesións maxistras serán substituídas por sesións de atendimento grupal acordadas previamente com o alumnado. En función das condicións (quer técnicas quer persoais) do alumnado as exposicións orais poderán ser realizadas de maneira (a)síncrona através de Teams ou anuladas e o seu peso na avaliación distribuído equitativamente entre o traballo tutorizado e as lecturas (0,5 valores para cada unha destas dúas metodoloxías)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Toda a información e a documentación relativa á materia estará accesíbel no Moodle.</p> <p>Teams, en horario e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado.</p> <p>Correo electrónico a demanda do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Caso non houber condicións (técnicas ou persoais) as exposicións orais poderán ser eliminadas e o seu peso na avaliación distribuído equitativamente entre o traballo tutorizado e as lecturas (0,5 valores para cada unha destas metodoloxías).</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>As actividades contempladas neste apartado do guía da materia serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificultades para o acompañamento da materia durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos de conexión (internet), de medios (PC, tablet, móbil etc.), quer por necesidades ou limitacións de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos etc.) deberá contactar co profesor no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas todas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias a cada caso particular.</p> <p>As restantes observacións feitas á avaliación no guía docente da materia continúan en vigor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Son disponibilizados no Moodle todos os materiais bibliográficos necesarios para o acompañamento da materia.</p>			



Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Demostrar capacidade de analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A1 A2 A10		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os diferentes aspectos destes estudos.	A14		
Demostrar un coñecemento avanzado das literaturas de lingua portuguesa	A18		
Saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación e de autoorganización no traballo		B3 B6	
Demostrar capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar atitudes positivas cara a diversidade e comportarse ética, profesional e responsabelmente, exercendo unha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria		B8 B10	C4
Valorizar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	
Ser capaz de utilizar as ferramentas básicas propias das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida			C3
Valorizar e relacionar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñíbel para resolver os problemas con que deben enfrontarse		B5	C6
Ser capaz de aplicar métodos e técnicas de análise lingüística e literaria	A1		
Demostrar coñecer a historia, a cultura e a variedade lingüística das comunidades lusófonas	A20 A26		
Ter capacidade para se comunicar de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. QUESTÕES GERAIS E METODOLÓGICAS	1.1. Processos de canonização e de construción sistémica (e identitaria). 1.2. A língua portuguesa como norma (inter)sistémica. 1.3. Relações, institucións e políticas lingüísticas e culturais na Lusofonia/ Galeguia.
2. PRODUÇÃO E PROCESSOS DE CANONIZAÇÃO NAS LUSOFONIAS	2.1. Aproximación da formación do(s) cânone(s) lusófono(s) 2.2. Repertórios culturais lusófonos: Sebastianismo, (luso)tropicalismo, negritude, ... 2.3. A presenza cultural lusófona na Ásia: Timor Lorosae e Macau.
3. LITERATURAS E CULTURAS DOS PALOP	3.1. Histórias, sociedades, culturas e identidades nos PALOP: lusografia/ português/ crioulo(s), oratura/ literatura, ilhas/ arquipélagos/ continente. 3.2. Internacionalización da produción literaria e cultural dos PALOP: Cesária Évora, Mia Couto e Ondjaki.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A11 A14 A15 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	10	20	30
Lecturas	A1 A2 A10 A18 B7	4	10	14
Presentación oral	A11 B4	2	8	10
Recensión bibliográfica	A1 B3 B5 B8 C6	1	10	11
Estudo de casos	A1 A26 B1 B4 B7 B10 C3 C4 C6	5.5	20	25.5
Sesión maxistral	A11 A14 A20 B5 B7 B8 C6	10	10	20
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", o alumnado realizará individualmente ou en grupos reducidos un traballo tutelado (focado de preferencia para a pesquisa, a documentación e a elaboración de proxectos) do cal se derivará tamén a correspondente "Presentación Oral". Tanto a eventual composición do grupo como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións.
Lecturas	Cada alumno/a realizará a lectura de unha serie de monografías, artigos ou capítulos de libro relativos aos contidos focados na materia e recollidas nunha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. O número destas lecturas será inferior a seis por estudante e, delas, no mínimo un artigo ou capítulo de libro será obxecto de presentación oral e un libro da recensión bibliográfica.
Presentación oral	Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os resultados do Traballo Tutelado realizado e as principais cuestións focadas nunha das leituras realizadas. Os materiais utilizados nas exposicións orais (diapositivos, esquemas, etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Moodle. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados deben ser tamen levados en conta polo alumnado neste tipo de actividade.
Recensión bibliográfica	O alumnado realizará unha "Recensión bibliográfica" individual dunha lectura (en formato libro) seleccionada entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. A correspondente recensión pode ser obxecto de comentario nas aulas e será disponibilizada para o conxunto do grupo a través do Moodle.
Estudo de casos	Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos contidos focados na materia e ás destrezas que é esperado desenvolver.
Sesión maxistral	Apresentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante ou grupo reducido asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.
Lecturas	
Presentación oral	
Recensión bibliográfica	
Estudo de casos	Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.
	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A11 A14 A15 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	Serán avaliados os contéudos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". A corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación.	30
Lecturas	A1 A2 A10 A18 B7	Será avaliada a participación informada nas sesións presenciais onde serán abordados tanto os libros de lectura obrigatoria como os artigos ou capítulos e libro analisados. Da mesma maneira, serán obxecto de avaliación a calidade da presentación dos contéudos específicos, os materiais utilizados e o correcto cumprimento das tarefas encomendadas no decurso desas sesións.	20
Presentación oral	A11 B4	Para alén da utilidade da presentación para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contéudo, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipa.	10
Recensión bibliográfica	A1 B3 B5 B8 C6	Na recensión bibliográfica será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contéudos e a adecuación de forma e fondo.	10
Estudo de casos	A1 A26 B1 B4 B7 B10 C3 C4 C6	Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polos docentes para cada actividade destas características.	30

Observacións avaliación



Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

O estudantado repetidor, a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos docentes. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia.

O alumnado que se apresentará á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel da materia e, para a superar, terá de realizar a proba mixta (5 valores), unha recensión bibliográfica (1 punto), un traballo tutelado (2 valores) e aqueles estudos de caso (2 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polos docentes através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. Os docentes fornecerán, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s alumn@s deberán aprobar (5 valores sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data marcada ao efecto pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentará á proba mixta ou que non presentará ningunha das actividades previstas nesta guía.

Fontes de información



Bibliografía básica

1. ANDERSON, B. (1983). *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London: Verso.
2. BOSI, Alfredo (1992). *Dialética da colonização*. São Paulo: Ática.
3. BOSI, Alfredo (org.) (1987). *Cultura brasileira: temas e situações*. São Paulo: Ática.
4. BUARQUE DE HOLANDA, Sérgio (1995). *Raízes do Brasil*. São Paulo: Companhia das Letras.
5. CABRAL, Amílcar (1999). *Nacionalismo e cultura*. Santiago de Compostela: Laiovento.
6. CASAS, Arturo (2002). *A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)*. Anuario de estudos literarios galegos, pp. 29-387.
7. CRISTÓVÃO, Fernando (dir.) (2005). *Dicionário temático da Lusofonia*. Lisboa: Texto Editores.
8. ENDERS, Armelle (1997). *História da África Lusófona*. Lisboa: Inquérito.
9. EVEN-ZOHAR, Itamar (2010). *Papers in Culture Research*. Tel Aviv, Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesível em <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>).
10. FREYRE, Gilberto (1943). *Casa Grande & sanzala*. Lisboa: Livros do Brasil.
11. LEITE, Ana Mafalda (1998). *Oralidade & escrita nas literaturas africanas*. Lisboa: Colibri.
12. LOURENÇO, Eduardo (1992). *O Labirinto da Saudade*. Lisboa: Dom Quixote.
13. MARTINS, Moisés de Lemos; Helena Sousa e Rosa Babecinhas (eds.) (2006). *Comunicação e Lusofonia. Para uma abordagem crítica da cultura e dos media*. Lisboa: Campo das Letras.
14. MATA, Inocência (2010). *Polifonias insulares. Cultura e literatura de São Tomé e Príncipe*. Lisboa: Colibri.
15. MATTOSO, José (2001-2014). *História de Portugal*. Lisboa: Círculo de Leitores (vols. V-VIII).
16. MEDEIROS, António (2006). *Dois lados de um rio. Nacionalismo e etnografia na Galiza e em Portugal*. Lisboa, ICS.
17. MEDINA, João (2006). *Portuguesismo(s)*. Lisboa: Centro de História-Univ. de Lisboa.
18. MOTA, Carlos Guillermo (1977). *Ideologia da Cultura Brasileira*. São Paulo: Ática.
19. NATÁRIO, M. Celeste et al (2008). *Actas do III Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade*. Sintra: Zéfiro.
20. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em comparatismo nas lusofonias*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora.
21. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literaturas e culturas africanas e em literatura e cultura galegas*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora.
22. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura brasileiras. Século XX*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vol.1 e vol.2).
23. REIS, Roberto (1995). *Os retos da diferença. Anotações sobre o discurso cultural brasileiro*. Rio de Janeiro: Eds UERJ, pp 59-86.
24. ROSAS, Fernando (1998). *Portugal na viragem de século - Língua portuguesa: a herança comum*. Lisboa: Pavilhão de Portugal - Expo 98 e Assírio e Alvim.
25. SALINAS PORTUGAL, Francisco (1990). *Entre Próspero e Caliban*. Compostela: Laiovento.
26. SALINAS PORTUGAL, Francisco (1994). *Rosto negro. O contexto das literaturas africanas*. Santiago de Compostela: Laiovento.
27. SALINAS PORTUGAL, Francisco (2005). *Literaturas Africanas en lengua portuguesa*. Madrid: Síntesis.
28. SODRÉ, Nelson Werneck (1996). *Síntese de História da Cultura Brasileira*. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira.
29. THIESSE, Anne-Marie (1999). *A criação das identidades nacionais*. Lisboa: Temas e Debates.
30. TORRAL, Luís Reis et al (2008). *Comunidades imaginadas: nação e nacionalismos em África*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
31. UNIVERSIDAD DE CADIZ (). *Periférica. Revista para el análisis de la cultura y el territorio*. http://www.uca.es/web/actividades/periferica/index_html
32. YURKIEVICH, Saúl (1986). *Identidad cultural de iberoamerica en su literatura*. Madrid: Editorial Alhambra.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - BARRETO, António (coord.) e PONTES, Joana (realización) (2007). Portugal, um Retrato Social. Lisboa: RTP (vols. I-VII) - BENDASSOLI, Pedro (coord.) et al (2009). Indústrias criativas no Brasil. São Paulo: Atlas - CARNEIRO, R. et al (2000). Indústria de conteúdos culturais em Portugal. Lisboa: Grupo Forum-Ministério de Economia - FEATHERSTONE, M (1995). Cultura de consumo e pós-modernismo. São Paulo: Studio Nobel - LOPEZ, Vítor (). Língua (vidas em português). http://www.youtube.com/watch?v=b7cliHmFI8 - MARTINHO, Ana M. Mão-de-Ferro (2001). Cânones literários e educação. Os casos angolano e moçambicano. Lisboa: Fundação Calouste-Gulbenkian - PETROV, Petar el al (ed.) (2012). Avanços em ciências da linguagem. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora - PRADO JUNIOR, Caio (1999). Formação do Brasil Contemporâneo. Rio de Janeiro: Brasiliense - RED BULL MUSIC ACADEMY (2006). Lusofonia, a (R)Evolução. http://www.youtube.com/watch?v=h9hyOBypsBw - SARAIVA, António José (1996). A Cultura em Portugal. Lisboa: Gradiva (vols.I-II) - VENÂNCIO, José Carlos (1996). Colonialismo, antropologia e lusofonias repensando a presença portuguesa nos trópicos. Lisboa: Vega <p>O profesorado fornecerá ao longo do curso material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada asunto focado. Será de leitura obrigatoria para todas as persoas matriculadas o libro Entre Próspero e Caliban. Literaturas africanas de lingua portuguesa (Francisco Salinas Portugal: Santiago de Compostela: Laiovento, 1999). Xuntamente con este libro, as persoas que cursaren a materia deberán ler máis dúas obras seleccionadas de entre unha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Unha desas dúas obras será obxecto da recensión bibliográfica.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o alumnado de mobilidade (programa Erasmus ou outros) poder acompañar correctamente a materia será preciso ter o nivel suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nivel B2 do Cadro Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, en calquera variante galego-portuguesa. Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías